# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA

## 2º ESO e 4º ESO

## CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

## DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## CURSO 2022-2023

ÍNDICE páxina


1 INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN……………………………………………………………………3
2 COMPETENCIAS CLAVE……………………………………………………………………………………………6
2.1 Contribución da área de Música ao desenvolvemento das competencias clave…6
2.2 Concreción por curso dos contidos, criterios de avaliación e estándares de apren dizaxe avaliables que forman parte dos perfís competenciais…………………………7
3 OBXECTIVOS DIDÁCTICOS………………………………………………………………………………………19
4 CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN…………………………………………………………………………22
5 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA……………………………………………………34
6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS…………………………………………………………………42
7 CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN PARA O ALUMNADO DE ESO………………43
8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE……………………………………………………………………………………………………………43
9 PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES……………………44
10 PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL……………………………………44
11 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE…………………………………………………………… 45
12 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN…………………45
13 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES…………………………………………47
14 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA……………………………………………………47
15 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR……………………………………………………47
16 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS TIC………………………………………………………………………48
17 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA………………………………………48
18 ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE……………………………………………………………………48
19 ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE REPITA CURSO……………………………………………………49

# 1 INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

**Introdución**

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo.

A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos:

*"Interpretación e creación"* integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa;

*"Escoita"* pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical;

*"Contextos musicais e culturais"* relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico;

*"Música e tecnoloxías"* pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

**Composición do departamento**

O departamento de Música consta dunha única profesora, Dª Blanca Bello Sobral, que ten asignada a xefatura do departamento e imparte Música en 2º, 3º e 4º de ESO. Asemade imparte tamén as materias de Proxecto Competencial en 1º de ESO e 3º de ESO e de Oratoria en 3º de ESO.

A distribución do alumnado por cursos e grupos é a seguinte:

| MÚSICA | | |
|---|---|---|
| **Curso** | **Nº de alumnos/as** | |
| 2º | 50 | Grupo A: 25 alumnos/as.<br>Grupo B: 25 “ |
| 3º | 29 | Grupo A: 14 alumnos/as.<br>Grupo B: 15 “ |
| 4º | 10 | Grupo AB: 15 alumnos/as. |

Ademais, no Departamento hai dúas materias afíns distribuidas do seguinte xeito:
Proxecto Competencial:
1ºESO A: 11 alumnos/as.
1ºESO B: “
3ºESO: 16 alumnos/as.
Oratoria:
3ºESO: 10 alumnas.

A programación das devanditas materias, xunto coa programación de Música de 3ºESO, pertencientes á nova lei educativa, quedarán plasmadas en PROENS.

A programación do Departamento de Música para os cursos 2º e 4º da ESO, elabórase de acordo coas directrices xerais marcadas pola COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA do C.P.I de Vedra, emanadas do establecido na normativa vixente:
**Normativa estatal:**
Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE 10/12/2013).
Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).
Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o

currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

**Normativa autonómica:**

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE del 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bachillerato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

# 1 COMPETENCIAS CLAVE.

## 1.1 Contribución da área de música ao desenvolvemento das competencias clave.

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a esta.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* (CMCCT)

A área de Música contribúe a esta competencia de xeito significativo porque promove condutas e a adquisición de valores responsables para o ben común inmediato no que afecta ao coidado do medio, para conseguir un contorno libre de ruídos e da contaminación acústica e tamén a través da aplicación de métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas na creación e a mellora de instrumentos musicais e as súas formacións ao longo da historia e en todas as culturas do mundo.

*Comunicación lingüística* (CCL)

A comunicación lingüística na área de Música será o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas musicais e pola expresión adecuada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, creación e interpretación e no traballo sobre a respiración, dicción, articulación e expresión adecuadas. Ademais, no seu formato non verbal, o individuo desenvolve as súas capacidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos.

*Competencia dixital* (CD)

Contribuirase ao desenvolvemento da competencia dixital, na elaboración de traballos de investigación individuais e/ou en grupo, xa que implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación; accedendo, xestionando e manexando diferentes motores de busca e bases de datos e transformando esta información en coñecemento.

*Conciencia e expresións culturais* (CCEC)

A través da área os alumnos e as alumnas accederán ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural e musical coa concreción destas en diferentes autores e obras, así como en distintos xéneros e estilos, desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, comprendendo o patrimonio cultural e artístico dos distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean, desenvolvendo a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións musicais a través do estudo, análise e

a interpretación das súas obras características.

*Competencias sociais e cívicas* (CSC)

Contribuiremos a esta competencia a través da implicación e a interacción con outras persoas dentro dun grupo, conforme normas baseadas no respecto mutuo en todas as actividades musicais realizadas. Desenvolve o sentido da responsabilidade, mostrando comprensión e respecto aos valores e ideas alleas e a recepción reflexiva e crítica da información sobre as manifestacións e as actividades musicais.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (CSIEE).

Propoñeranse aos alumnos actividades que impliquen a capacidade de transformar as ideas en actos polo desenvolvemento de actitudes que leven consigo un cambio de mentalidade, capacidade de pensar de forma creativa, autocoñecemento e autoestima, autonomía ou independencia, interese, esforzo e espírito emprendedor, sentido crítico e da responsabilidade.

*Aprender a aprender* (CAA).

Contribuiremos á competencia de aprender a aprender, caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, onde a motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces e a través da ampliación das habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a improvisación, tanto individual como colectiva; así como mediante a xeneralización do seu cultivo no tempo de ocio.

## 2.2. Concreción por curso dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables que forman parte dos perfís competenciais

2º de ESO

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| N<br>ñ<br>m | B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características | B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC<br>CCL |
| | | | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | xenéricas e formais.<br>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo. | | MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT<br>CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | | | |
| N | B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC |
| N<br>G | B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CAA<br>CCEC |
| | | | MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CAA<br>CCEC |
| A<br>b<br>d | B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de | B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CAA<br>CCEC |
| | | | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC |
| | | | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC |
| | | | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades | CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | expresión. | | técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | |
| | | | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CAA<br>CCEC |
| A<br>N | B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CAA<br>CCEC |
| | | | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE |
| G<br>n<br>d<br>ñ | B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras. B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC |
| | | | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| | | | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as | CSC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | compañeiras. | |
| | | | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC |
| | | | MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| N<br>Ñ | B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC |
| | | | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC |
| N | B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC |
| B<br>A | B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC |
| H<br>N | B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, | B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL<br>CCEC |
| | | | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos | CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | como apoio á análise musical. | |
| | | | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL |
| E<br>f<br>m | B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC |
| | | | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE<br>CD |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| M<br>N | B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | CCEC |
| | | | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC |
| L<br>n | B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC |
| L<br>n<br>ñ | B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como | B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC |
| | | | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| | | | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e | CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | da música occidental en xeral e doutras culturas. | | galegos. | |
| | | | MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC<br>CSIEE |
| H<br>E | B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL |
| | | | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL |
| E<br>n<br>l | B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD |
| | | | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| E<br>N | B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. | B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD |
| | | | MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CD<br>CSIEE |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | | | |
| E<br>N | B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD |

## 4º de ESO

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación(1*) | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.<br>▪ B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación. | ▪ B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.<br>▪ B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades | ▪ B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, | ▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical. | interpretación, difusión, etc. | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. | ▪ B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos. | ▪ MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.<br>▪ B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional. | ▪ B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais. | ▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ N | ▪ B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas. | ▪ B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas. | ▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | ▪ B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. | ▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música. | ▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais. | ▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ L | ▪ B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical. | ▪ B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado. | ▪ MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.<br>▪ B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | ▪ B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego. | ▪ B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.<br>▪ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas. | ▪ B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | ▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.3. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas. | ▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.<br>▪ B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.<br>▪ B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual. | ▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | ▪ CD |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.<br>▪ B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. | ▪ B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical. | ▪ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ e | ▪ B4.3. Utilización de | ▪ B4.2. Aplicar as técnicas | ▪ MUB4.2.1. Manexa as | ▪ CSC |

| Música. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical. | de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | ▪ CD |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | ▪ B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos. | ▪ MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc. | ▪ B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas. | ▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ A<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.<br>▪ B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais. | ▪ B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | ▪ MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | ▪ CAA<br>▪ CL<br>▪ CD |

## 2 OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

### 3.1 Obxectivos xerais da ESO.

a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento

fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, es especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**3.2 Obxectivos xerais da área de música.**

O ensino da Música nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1 Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras
formas distintas de expresión.

2 Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.

3 Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias, e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal e interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

4 Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, en especial de Galicia, sendo consciente das súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

5 Utilizar e gozar do movemento e a danza, como medio de representación de imaxes, sensacións e ideas, e apreciala como forma de expresión individual e colectiva, dedicando
especial atención ás danzas tradicionais de Galicia.

6 Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e goce da música.

7 Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.

8 Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar os estereotipos e prexuízos, tomando
conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.

9 Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outros linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

10 Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e á da comunidade.

11 Valorar o silencio e o son como parte integral do medio e da música, tomando consciência dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.

12 Coñecer as distintas manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.

13 Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos decoñecemento, así como a función e significado da música en diferentes

producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

14 Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e os indivíduos e desenvolver unha actitude de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

15 Desenvolver e consolidar hábitos de respecto e disciplina como condición necesaria para o desenvolvemento das actividades musicais.

### 3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE:

**1º Temporalización.**
**2º Grao mínimo de consecución para superar a materia.**
**3º Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Enténdese por procedementos de avaliación aos métodos a través dos cales se leva a cabo a recolleita de información sobre adquisición de competencias básicas, dominio dos contidos ou logro dos criterios de avaliación. O procedemento responde a como se leva a cabo esta recolleita.

Enténdese por instrumentos de avaliación todos aqueles documentos ou registros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguemento do proceso de aprendizaxe do alumno. Responden á pregunta con que avaliar?, é dicir, os recursos específicos que se aplican.

Os procedementos e instrumentos de obtención de datos deben ofrecer validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas. A continuación detállase unha relación de procedementos e instrumentos de avaliación que o docente poderá utilizar:

**P1 Observación sistemática:** Este é un procedemento esencial para comprobar o progreso do alumno, a súa actitude e interese en relación coa asignatura tanto no plano individual como na súa participación en tarefas colectivas. Neste sentido valorarase o seu interese, a súa participación, a toma de apuntes, a realización das actividades propostas, as técnicas de investigación aplicadas na resolución das actividades, a participación en debates, a actitude cara aos seus compañeiros, o comportamento, etc. Un aspecto importante é a avaliación inicial, que se realizará ao comezar de cada unidade didáctica, o que nos proporcionará unha información moi útil que servirá de apoio ao longo de todo o proceso de ensino- aprendizaxe.

**P2: Análise das produccións dos alumnos:** Entre elas podemos

mencionar: Caderno de clase.

Probas escritas e/ou orais:

15.a Exposición dun tema.
15.b Resolución de exercicios e problemas.
15.c Cuestionarios.
15.d Recoñecemento auditivo e visual de voces, instrumentos, obras musicais, ritmos...

**P3: Probas específicas:**

a Interpretación de partituras e cancións.
b Bailes e danzas.
c Creación de coreografías.
d Producións orais y audiovisuais.

O profesorado organizará toda a información que vaia obtendo dos alumnos/as en fichas

individuais ou colectivas de observación, empregando os seguintes instrumentos:

**It1** escalas cuantitativas (numéricas) ou

**It2** escalas cualitativas (moi ben/ben/regular/mal; sempre/habitualmente/algunhas veces/nunca; moito/bastante/pouco/nada, positivos/negativos, ...) segundo proceda. No caso da avaliación de contidos conceptuais é factible o emprego de escalas numéricas e de instrumentos que aporten unha medida cuantitativa, pero no caso da avaliación de procedementos e actitudes empregaranse escalas cualitativas.

## 2º ESO

| Bloque 1. Interpretación e creación | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES | TEMPORALIZACIÓN | | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | P: Procedemento I: Instrumento |
| MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | | X | X | X | P2.<br>It1 |
| MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | Recoñece ritmos sinxelos e os compases binario e ternario a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais | | X | X | X | P2<br>It1 |
| MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos sinxelos | | X | X | X | P2: .<br>It1: |
| MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | Distingue polo menos o 50% dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; os tempos principais | | X | X | X | P2:<br>It1: |
| MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre a escala maior e a pentáfona e os ritmos máis comúns. | | | | X | P2:<br>It1 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a | Amosa algún interese polo coñecemento e a aplicación de normas do coidado da voz, o | | X | X | X | P1<br>P3<br>It2 |
| aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | corpo e os instrumentos | | | | | |
| MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | Canta pezas vocais propostas tratando de emitir a voz correctamente. | | X | X | X | P1:<br>P3:.<br>It2: |
| MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | Practica minimamente a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | | X | X | X | P1<br>P3<br>It2 |
| MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | Intenta aplicar as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | | X | X | X | P1<br>P3<br>It2 |
| MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | Intenta poñer en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | | X | X | X | P1<br>It2 |
| MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | | | | X | P2<br>It1 |
| MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | Intenta amosar unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | | X | X | X | P1<br>It2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras moi sinxelas. | | X | X | X | P3<br>:<br>It2 |
| MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza | Practica, interpreta e memoriza a lo menos unha | | X | X | X | P3: |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | peza vocal, instrumental, e unha danza do patrimonio español e galego. | | | | | It2 |
| MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | Case sempre trata de amosar apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | | X | X | X | P1:<br>It2 |
| MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. | | X | X | X | P1<br>It2 |
| MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | Intenta participar activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa | | X | X | X | P1<br>P3<br>It2 |
| Bloque 2. Escoita | | | | | | |
| MUB2.1.1.Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | Identifica as sonoridades dos instrumentos máis coñecidos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | Identifica sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | Segue partituras sinxelas como apoio á audición | | | X | X | P2.<br>It1 |
| MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición | | X | X | X | P1.<br>It2. |
| MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | Describe os elementos máis sinxelos das obras musicais propostas. (ritmo, melodía, orquestración) | | | | X | P2<br>It1 |
| MUB2.4.2. Utiliza de | Utiliza de xeito guiado recursos | | | X | X | P2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | como apoio á análise musical | | | | | It1 |
| MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | Emprega algún concepto musical para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | | X | X | X | P1<br>P2<br>It1<br>It2 |
| MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | | | | X | P1:.<br>It2 |
| MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | Participa na elaboración de traballos de indagación sobre a contaminación acústica en grupo. | | | | X | P2:<br>It1 |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | | |
| MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | Recoñece e interpreta algunhas manifestacións da danza | | X | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | Distingue algunha función que cumpre a música na nosa sociedade. | | X | X | X | P1.<br>It2 |
| MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | Intenta valorar e respectar a importancia do patrimonio musical español e galego | | X | X | X | P1.<br>It2 |
| MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | Practica, interpreta e memoriza algunha peza vocal, instrumental e unha danza do patrimonio español e galego | | X | X | X | P1<br>P3<br>It2 |
| MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos máis representativos e usuais. | | X | | | P2<br>It1 |
| MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida,e na gravación dalgunha peza. | | | | X | P3<br>It2 |
| MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir | Esfórzase por empregar un vocabulario adecuado para describir percepcións e | | X | X | X | P1.<br>It2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| percepcións e coñecementos musicais | coñecementos musicais | | | | | |
| MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | Trata de comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con algún rigor e claridade. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular e trata de facer unha revisión crítica desas producións. | | | X | X | P3:.<br>It2 |
| MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | Non se nega a ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | | X | X | X | P1.<br>It2 |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | | | | |
| MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías que están ó seu alcance e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | | | | X | P3.<br>It2 |
| MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | Participa na produción musical e intenta facer uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | | | | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | Utiliza de xeito guiado algunha fonte e procedemento apropiado para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | | | | X | P2<br>It1 |

## 4º ESO

| Bloque 1. Interpretación e creación | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES | TEMPORALIZACIÓN | | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | P: Procedemento It: Instrumento |
| MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | Case sempre trata de aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | | X | X | X | P1<br>It2 |
| MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | Le con axuda, partituras como apoio á interpretación. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas | Coñece e procura cumprir as normas establecidas para | | X | X | X | P1:<br>It2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| establecidas para realizar as actividades da aula. | realizar as actividades da aula. | | | | | |
| MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | | X | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | Coñece e utiliza de xeito guiado, técnicas, recursos e procedementos compositivos básicos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | | | X | X | P2:.<br>It1 |
| MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | Utiliza con autonomía crecente recursos informáticos ao servizo da creación musical. | | X | X | X | P1:<br>It2 |
| MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | Coñece e superficialmente e analiza o proceso seguido nalgunhas producións musicais (discos, programas de televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | | | | X | P3:<br>It2 |
| Bloque 2. Escoita | | | | | | |
| MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | Analiza e comenta algunha das obras musicais propostas, axudándose das fontes documentais ao seu alcance. | | | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | Le e analiza partituras con axuda, como apoio á audición. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | Analiza críticas musicais e trata de utilizar un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | | | X | X | P1:<br>It2 |
| MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. | Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. | | X | X | X | P2:<br>It1 |
| MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha | Recoñece e compara os trazos distintivos dalgunhas obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | | | X | X | P2:<br>It1 . |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| terminoloxía axeitada. | | | | | | |
| MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | Sitúa pezas moi salientables da obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | | X | X | X | P2:. It1 |
| MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | Amosa certo interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | | X | X | X | P1: It2 |
| MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | Pode amosar unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | | | | X | P1: It2 |
| MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc | Coñece e explica o papel da música nalgunhas situacións e contextos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc | | | | X | P1: It2 : |
| . Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | | |
| MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | Amosa algún interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | | X | X | X | P2: It1 . |
| MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | Coñece algunha das testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | | X | X | X | P2:. It1 |
| MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | Analiza a través da audición algunha das músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | | X | X | X | P2: It1 |
| MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | | | X | X | P2 It1 |
| MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | Elabora un traballo de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | | X | X | X | . P3 It2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | Realiza un traballo e unha exposición ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | | | | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | Utiliza os recursos básicos ao seu alcance das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | | X | X | X | P3:<br>It2 |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | | | | |
| MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | | X | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | | X | X | X | P1<br>It2 |
| MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | | | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | | | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes. | | | | X | P3:.<br>It2 |
| MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | Utiliza con autonomía as fontes de información a súa disposición e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | | X | X | X | P3:<br>It2 |
| MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | Amosa algún interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | | X | X | X | P3<br>It3 |
| MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de | Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital | | X | X | X | P3:. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | | | | | It2 |
| MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | | | | X | P3:<br>It2 |

## 5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

### 5.1 Principios metodolóxicos xerais.

1.a Implementaranse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co gallo de conseguir que todos acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. En particular, favorecerase o traballo individual e o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e riguroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido nunha diversidade de contextos.

1.b As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación obrigatoria como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a preparación para a ampliación dos estudos. O alumnado da ESO debe adquirir, ademais, un manexo axeitado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

1.c Fomentarase a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.

1.d A actividade docente fomentará a realización e exposición de tarefas por parte dos alumnos que esixan a aplicación de métodos de investigación apropiados.

1.e A acción docente incluirá as estrategias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar as sesiones de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

1.f O proceso de aprendizaxe esixirá a pescuda de información, a análise da información facilitada polo profesor ou buscada polo alumno, así como a capacidade de sintetizar a mesma e transmitila con corrección.

1.g Favorecerase a capacidade de expresarse correctamente en público por

parte de los alumnos, tanto nas exposicións verbais como á hora de interpretar e acompañar distintas pezas, así como o uso do debate como recurso que permita a xestión da información e o coñecemento e o desenvolvemento de habilidades comunicativas. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura e as tecnoloxías da información e a comunicación.

h)Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto en no que se refire ao contido, como ao soporte.

A metodoloxía didáctica basearase nos seguintes principios xerais:

-O proceso de ensino e aprendizaxe construírase a partir dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos, dos seus intereses e motivacións.

-O alumno eríxese como centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, como construtor do seu propio coñecemento. Fomentarase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.

-As aprendizaxes deben ser autenticamente significativas, deben permitir relacionar a información nova coa que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa traslación e aplicación á vida e axudar á aprendizaxe doutras materias, para asegurar así a utilidade do aprendido.

-Fomentarase a autoaprendizaxe. Os alumnos deben ser quen de aprender a aprender e de pensar de forma crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e participativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender por si mesmo e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe basada en problemas, etc.).

-Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións mediante prácticas de trabajo individual e cooperativo.

-Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.

-Farase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

-Fomentarase o aproveitamento das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes proveedoras de información.

-As metodoloxías activas deben apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

-Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión e a crítica, a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.

**5.2 Metodoloxía específica.**

A metodoloxía de Música será eminentemente práctica e mesmo sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada á correcta interpretación de pezas tanto vocais como instrumentais.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados coa análise de partituras, pezas, etc.

<table>
<tr><th>PRINCIPIOS</th><th colspan="2">ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DE MÚSICA</th></tr>
<tr><td rowspan="5">PARTIR DA SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNO</td><td colspan="2">Empregaranse diversas técnicas (resolución de cuestións, lecturas, escoitas previas…) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles erros na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir engadindo novos coñecementos de maneira lóxica.</td></tr>
<tr><td rowspan="4">INSTRUMENTOS</td><td>• Repaso dos coñecementos de linguaxe musical previos.</td></tr>
<tr><td>• Tarefas sistemáticas previas a abordar unha partitura.</td></tr>
<tr><td>• Grao de coñecemento das obras seleccionadas para a escoita.</td></tr>
<tr><td>• Valoración das ideas previamente formadas polo alumnado sobre a música moderna e a música galega.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">CONSTRUÍR APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS E FUNCIONAIS</td><td colspan="2">A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos –memoria comprensiva- e a súa funcionalidade, de xeito que poidan relacionalos coa súa contorna real.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">INSTRUMENTOS</td><td>• Realización de actividades de comprensión e motivación cunha secuencia lóxica e progresiva que xere un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos.</td></tr>
<tr><td>• Vinculación dos contidos coa contorna real do alumno, por exemplo a través da asistencia a concertos didácticos.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | | • Utilización de distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas conceptuais, etc.). |

<table>
<tr><th>PRINCIPIOS</th><th colspan="2">ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DE MÚSICA</th></tr>
<tr><td rowspan="5">APRENDER A APRENDER</td><td colspan="2">Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mesmo.</td></tr>
<tr><td rowspan="4">INSTRUMENTOS</td><td>• Resolución de problemas utilizando os coñecementos adquiridos.</td></tr>
<tr><td>• Realización de traballos de investigación sobre os aspectos máis relevantes da música culta, da música popular e da música moderna, que en ocasións deberán expoñer en público, para favorecer a comunicación e a linguaxe escrita e oral.</td></tr>
<tr><td>• Integraranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as redes sociais no desenvolvemento das distintas tarefas propostas, o que permitirá a consecución de coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa contorna dixital.</td></tr>
<tr><td></td></tr>
<tr><td>ATENDER A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS</td><td colspan="2">Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | INSTRUMENTOS | • Realizar actividades de reforzo para o alumnado con ritmo de aprendizaxe máis lento. |
| | | • Activar os protocolos de actuación cara o alumnado diagnosticado con TDHA ou TEA |
| | | • Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares. |

**5.3 Estratexias metodolóxicas.**

A diversidade metodolóxica aconsella empregar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

**Estratexias dispositivas**

Son as que consisten en presentar os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contenidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a acadar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizarnse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

**Estratexias de indagación**

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización dos valores actitudinales desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas suscitados.

As actividades a realizar poderán ser:

-Resolución de problemas ou exercicios (figuras, silencios, ritmos...)
-Recoñecemento de instrumentos, obras musicais, etc, mediante audicións.
-Exposición de temas.
-Visualización de diferentes modos de interpretación de partituras.
-Creación de partituras e acompañamentos sinxelos, guiados polo profesor.
-Actividades de investigación nas que o alumno/a debe recabar información en Internet.
-Traballos monográficos.
-Creación e interpretacion de coreografías e danzas.
-Interpretacións individuais e grupais dun variado repertorio vocal.

**5.4 Metodoloxía de traballo na aula.**

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da asignatura. Indicaranse os obxectivos e contidos máis

importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais

criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos dos alumnos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, audicións, cuestionarios, crucigramas, etc.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

**Introdución á unidade de traballo co gallo de motivar ós alumnos/as**

Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarase a súa relación co resto de contidos xa abordados ou aínda pendentes de estudo. Clarificarase o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedimental e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:

+Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.
+Lectura do índice de contidos de cada unidade.

**Análise dos coñecementos previos dos alumnos/as**

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito preténdese predispoñelos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestións iniciais poderanse realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates.

**Exposición de contidos e desnvolvemento da unidade**

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose no material didáctico que corresponda en cada momento. O seu papel ten que ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dun xeito atractivo, claro, buscando a participación de todos os alumnos, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo na aula.
Farase uso de variados recursos didácticos, nos que incluimos: prácticas vocais e instrumentais, análise de audicións e partituras, discriminación de timbres, coreografías, invención de letras, análise de videos e películas, anuncios publicitarios, recreacións orquestais, musicogramas, gravacións tratamento de programas informáticos e das tecnoloxías da información e da comunicación.

As clases invertidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedimental dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

**Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas**

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e ampliar. Estas actividades iranse suscitando a medida que se desenvolvan as unidades e dun xeito gradual, de menor a maior grado de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades a realizar serán:

-Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
-Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos.
-Actividades de ampliación máis complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos que requerirán un esforzo de indagación e do uso das TIC.
-Actividades relacionadas coas clases invertidas.

**Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo**

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (propostas de pasos para coreografías, creación de obras musicais sinxelas con predominio de instrumentos escolares rítmicos, interpretación grupal de cancións, escolla de cancións para interpretar, análise crítico de diversos estilos musicais, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de creación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común de cada actividade (canción, danza, coreogrfía...desenvolvida por cada un dos grupos.

**Variedade de instrumentos didácticos**

A presenza de distintos formatos (libro do alumno, recursos dixitais, textos, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

**Resume e síntese dos contidos da unidade**

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaranse os contidos estudados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso utilizaranse:

-Cuestionarios.
-Actividades de ampliación e reforzo.
-Ferramentas TIC para afondar os coñecementos.
-Mapas conceptuais.

## 6.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material dixital.
-Libros de texto do Centro de diferentes editoriais, para os alumnos.
-Cadernos pautados e convencionais individuais.
-Material variado aportado pola profesora.

Recursos TIC:
-Pizarra dixital.
-Ordenadores, carros de carga, canóns proxectores.
-Vídeos de curtas e películas.
-Procesador de textos.
-Software de deseño de presentacións.
-Software de notación musical.

Recursos da aula de Música e particulares:

- Instrumentos da aula de Música: percusión de altura determinada e indeterminada, guitarra, baixo eléctrico, teclados, sintetizador e batería.
- Instrumentos aportados polos propios alumnos.
- Gravacións, diccionarios, métodos de solfexo, biografías…

## 7. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN PARA O ALUMNADO DA ESO

A materia de Música é emientemente práctica e consta de contidos teóricos que se traballan mediante a práctica nas sesións de clase.
A nota de cada avaliación constará do traballo diario nas clases e da participación nos proxectos do Departamento e de probas de diversa índole, nas que se inclúen controis e exames tanto orais coma escritos.

Traballo de clase e participación nos proxectos: 80%
Probas: 20%
*A cualificación de cada avaliación* valórase do 1 ao 10.
Para ter unha cualificación de aprobado, en cada unha das tres avaliacións, será necesario acadar unha puntuación de 5.

As avaliacións suspensas poderán ser recuperadas mediante actividades similares ás rxa realizadas.

*A cualificación final* será a media aritmética das cualificacións acadadas nas tres avaliacións, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para superar a materia.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado | | | | |
| 2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física | | | | |
| 3.Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | | |
| 4.Contouse co apoio e coa implicación das familias | | | | |
| 5.Mantívose un contacto periódico coas familias | | | | |
| 6.Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado | | | | |
| 7.Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas | | | | |
| 8.Usáronse diferentes instrumentos de avaliación | | | | |
| 9.Deuse un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| 10.Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo | | | | |

**Indicadores de logro da práctica docente**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1.Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.Ofrécense a cada alumno as explicacións inidividualizadas que precisan | | | | |
| 3.Elabóranse actividades atendendo á diversidade | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4.Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE | | | | |
| 5.Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 6.Combínase o traballo individual e en equipo | | | | |
| 7.Poténcianse estratexias de animación á lectura | | | | |
| 8.Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9.Incorpóranse as TIC aos procesos de ensinanza-aprendizaxe | | | | |
| 10.Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar | | | | |
| 11.Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas e traballos | | | | |
| 12.Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc | | | | |
| 13.Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e fallos | | | | |
| 14.Grao de implicación do profesorado nas función de titoría e orientación | | | | |
| 15.Medidas de apoio, reforzó, etc. están claramente vinculadas aos estándares | | | | |
| 16.Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 9. PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña que recuperar a materia do curso anterior, terá un seguemento dende principio de curso, levando a cabo realizacións de exercicios de reforzo nas aulas do curso no que se atope. Finalmente, terá que presentarse ao exame establecido no calendario de exames de materias pendentes do Centro.

No caso de que haxa algún alumno coa materia pendente cursando 4ºESO sen cursar Música, este será obxecto dun control regular mediante a realización de diversas tarefas.

## 10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL

1 Ao inicio de cada curso e coa finalidade de adecuar os ensinos de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha evaluación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada un dos bloques que forman a materia e o grado de desenvolvemento das competencias básicas.
A avaliación incluirá o análise dos informes personais da etapa ou curso anterior e completarase coa información obtida a través da persoa titora.

2 A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisions relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

3 Para a realización da avaliación inicial farase unha proba na que se valoraran os coñecementos do alumno nos bloques de escoita, contextos musicais e teoría da linguaxe musical.
Esta proba non terá repercusión de ningún tipo nas cualificacións do alumnado e será unicamente orientativa, como se deixou dito no parágrafo 1.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Ao inicio de cada curso escolar,os departamentos de Orientación do centro elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual. (D 229/2011)
1 No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención a diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus objectivos, contidos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e as características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos objectivos e competencias establecidas nos diferentes ensinos.
2 Consideranse medidas extraordinarias de atención a diversidade aquelas medidas dirixidas a dar resposta as necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario. Estas medidas extraordinarias aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario por seren éstas insuficientes. a) Adecuación de la estructura organizativa del centro (horarios, agrupamientos, espacios) y de la organización y gestión del aula a las características del alumnado.O departamento de música adoptará de ser necesario as seguintes medidas: adecuación da programación didáctica ao entorno e ao alumnado.Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos que promovan a inclusión.Adaptación de los tiempos e instrumentos o procedimientos de evaluación. Reforzo educativo, programas de recuperación, e programas específicos personalizados.

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de Música do seguinte xeito:

*EDUCACIÓN PARA A SAÚDE*

-Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.

-Desenvolvemento de hábitos preventivos para coidar a saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.

-Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.

-Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos

de voz, cambio de voz na puberdade.

-Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

*EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA*

-Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.

-Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.

-Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.

-Análise crítica dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.

-Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.

-Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.

*EDUCACIÓN PARA A PAZ*

-Tolerancia e respecto por todo tipo de diferenzas individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.

-Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.

Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

*EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS*

-Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.

-Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre todos os membros do grupo.

*EDUCACIÓN AMBIENTAL*

-Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do contorno: causas e posibles solucións.

*EDUCACIÓN PARA O CONSUMO*

-Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.

-Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenvolvemento dos criterios de selección.

-Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao eliminarse as restriccións que existían por mor da COVID-19, poderán levarse a cabo diferentes actividades en grupos. Algunhas delas poderían sen:

-Asistencias a concertos didácticos tanto no Centro coma fóra del.

-Celebración de concertos a cargo do alumnado do centro e en colaboración coas demais etapas educativas.

-Intercambios musicais con outros centros educativos.

-Viaxes culturais pola Comunidade.

-Actuacións en datas sinaladas do curso escolar ( Santa Cecilia, Nadal, Antroido…)

-Actividades relacionadas co programa “Educación responsable” en colaboracións con máis etapas educativas.

-Consolidación do coro do Centro, creado polo programa “Educación responsable”.

-Creación da orquestra do Centro.

## 14. AVALIACION DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**

**Indicadores**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1.Adecuación do deseño das unidades/temas/proxectos a partir dos elementos do currículo | | | | |
| 2.Adecuación da secuenciación e a temporalización das unidades didácicas | | | | |
| 3.O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización | | | | |
| 4.Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade, tema ou proxecto | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou a varios instrumentos para a súa avaliación | | | | |
| 8.Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver | | | | |
| 9.Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento | | | | |
| 10.Adecuación da secuencia de traballo na aula | | | | |
| 11.Adecuación dos materiais didácticos utilizados | | | | |
| 12.Adecuación do libro de texto | | | | |
| 13.Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias | | | | |
| 14.Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares | | | | |
| 15.Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos | | | | |
| 16.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos… | | | | |
| 17.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e/ou dunha avaliación | | | | |
| 18.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final | | | | |
| 19.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación ordinaria | | | | |
| 20.Adecuación dos criterios establecidos para o seguemento de materias pendentes | | | | |
| 21.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes | | | | |
| 22.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar | | | | |
| 23.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares | | | | |
| 24.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado de NEAE | | | | |
| 25.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas | | | | |
| 26.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios, estándares e instrumentos de avaliación | | | | |
| 27.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción | | | | |
| 28.Adecuación do seguemento e da revisión da programación ao longo do curso | | | | |

## 15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Nesta área de música, a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos aos

que se enfrontan os profesores. Semella, polo tanto, preciso que os materiais incorporen elementos que melloren a comprensión lingüística dos alumnos.
En primeiro lugar, utilizaremos o libro de texto, no que todos os alumnos lerán en voz alta os conceptos a desenvolver.
En segundo lugar, incorporamos actividades de comprensión lectora. Trátase de axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán a estudar. As actividades de comprensión lectora divídense en:
-Comprender os conceptos, actividades sobre o vocabulario.
-Buscar as ideas principais, actividades de selección das ideas principais.
-Interpretar o texto, actividades sobre as ideas implícitas e as relacións entre as ideas (causa- efecto, comparación, semellanza…).
En terceiro lugar, recomendaremos a lectura de libros sinxelos e mesmo a búsca de datos para traballos en libros que se atopen na Biblioteca.
En cuarto lugar, empregaremos sesións de lectura na clase de textos que ilustran varios dos temas que debemos traballar (biografías, métodos, críticas, reflexións, etc)

## 16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS TIC

A revolución tecnolóxica está provocando cambios sociais tan intensos coma rápidos. Educar para a sociedade da información, a sociedade na que se desenvolve a vida dos alumnos, é, por iso, unha responsabilidade ineludible que temos todos aqueles que nos relacionamos coa educación.
Fomentaremos o traballo coas novas tecnoloxías tendo en conta as necesidades e as posibilidades tecnolóxicas do noso centro.
Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia.

- Incluiremos numerosas actividades de busca de información en Internet. Son actividades curtas, que poden realizarse no marco temporal dunha clase, pero que tamén son susceptibles de converterse en actividades na casa.
- Traballaremos con recursos multimedia, que permiten facer presentacións audiovisuais para cada un dos temas do libro. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, ben simplemente cun ordenador e un canón.
- Utilizaremos os recursos tecnolóxicos dispoñibles na aula para realizar gravacións e interpretaciòns musicais.

## 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Esta programación contribuirá ao desenvolvemento do Plan de Convivencia de acordo coa establecido no mesmo, tendo en conta que este Plan está en revisión e elaboración para adaptalo á normativa recente: Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No momento da aprobación definitiva, e durante a revisións da programación, introduciranse as modificación pertinentes.

## 18. ATENCIÓN A ALUMNADO CON NEAE

Seguindo as directrices do departamento de orientación, tomaranse as seguintes medidas:
O alumnado con NEAE, na medida do posible, seguirá as medidas xerais para todo o alumnado. Porén, existen certos alumnos e alumnas que polas súas características poden presentar certas dificultades para seguir estas medidas.

● Nos desprazamentos, entradas e saídas: supervisión directa por parte do profesorado titor e especialistas de PT e AL ou persoal coidador, no seu caso.

● Dispoñibilidade dalgún espazo para o caso de que fose necesario illar a algún alumno/a por crises ou

trastornos de conduta, asegurando así a súa seguridade e a dos demais membros da comunidade educativa.

## 19. ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE REPITA CURSO

Co alumnado que repita curso vanse levar a cabo actividades de reforzo nas aulas e vaise procurar que a súa asistencia sexa máis activa.

## 20. ADAPTACIÓNS NECESARIAS QUE A ATENCIÓN NON PRESENCIAL PUIDESE REQUIRIR

No caso de que existira un confinamento, as sesións das clases desenvolveríanse mediante G Suite, que é a ferramenta que se utiliza en maior medida no Centro e coa que o alumnado xa está afeito.
Ademais, os contidos poderían ser adaptados aos estándares mínimos, dependendo da época do curso escolar na que se produza o eventual confinamento.